



Referencia:	2022/12983L
Procedemento: :	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del Consorcio CIS
Interesado:	
Representante:	
INTERVENCIÓN (4855)	

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACION DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXERCICIO 2023

INFORME DE INTERVENCIÓN

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, do que é Presidente D. Pablo Pérez Pérez en cumprimento da citada,

BASE LEGAL:

- ✓ Artigo 168.4 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais
- ✓ Artigo 214 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais
- ✓ Artigo 18.4 do real decreto 500/90
- ✓ Artigo 4.1 do real decreto 1174/87
- ✓ Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións
- ✓ Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria.
- ✓ Lei 47/2003 de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- ✓ Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira



- ✓ RD 424/2017, de 28 de abril, de réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.
- ✓ RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación nacional.

De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2023, formado polo Sr. Presidente do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

INFORMA

1º.- O expediente sometido ó preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

- ✓ Estado de Gastos
- ✓ Estado de Ingresos
- ✓ Bases de execución
- ✓ Memoria da presidencia.
- ✓ Liquidación do 2021 (Estado de execución a 31-12-21)
- ✓ Avance da liquidación do 2022
- ✓ Anexo do persoal do Consorcio.
- ✓ Anexo de investimentos
- ✓ Informe Económico – Financeiro
- ✓ Informe de Intervención
- ✓ Informe de estabilidade orzamentaria
- ✓ Proposta de ditame da Presidencia.

Obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.



2º.- **Os estados de gastos e ingresos do orzamento ascenden a 4.378.100,00 euros respectivamente.**

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

3º.- Unha **análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto corrente do orzamento:**

3º.A) **Gastos de persoal.**

PERSOAL LABORAL FIXO

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos destinados para as retribucións do xerente do Consorcio, dunha vacante para o posto de director Técnico (Vicexerente), dun administrativo informático, dunha persoa dedicada as tarefas de limpeza e dun cargo electo do Pleno do Consorcio máis os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos.

Incrementábase a contía con respecto ao exercicio anterior:

A previsión da subida salarial nas retribucións correspondente ao exercicio 2023.

Existe correlación entre os créditos do capítulo I do orzamento (Gastos de Persoal) o anexo de Persoal desta entidade local ascendendo a cantidade de 199.386,07 euros.

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.

3º.B) **Compra de bens correntes e servizos.-**

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para o pago de seguros de RC, material de oficina, comunicacións, destacando sobre o resto a cantidade destinada a estudos e traballos técnicos, no que se inclúe o incremento do IPC para o exercicio e que a empresa concesionaria nos repercute, máis o importe mensual pola concesión.

Destínanse unhas cantidades destinadas a reforzos do persoal para os catro parques de bombeiros, e para os gastos do grupo operativo de Drons de emerxencias, persoal técnico de apoio operativo o Consorcio.

Considerase importante destacar neste informe o importante incremento dos costes dos servizos motivado polas subidas tan elevadas da enerxía eléctrica e dos carburantes, esperando que sexan suficientes os cálculos realizados neste informe.



3º C) **Investimentos reais**

Como os gastos correntes calculados para o orzamento do 2023 han incrementado con respecto ao exercicio anterior, e os ingresos previstos non se estiman que aumenten co respecto ao 2022, é necesario dotar a baixa o capítulo 6 de gastos para compensar a diferenza xurdida polo incremento de costes tan elevado e que non é motivada pola mala xestión do propio consorcio.

4º.- **Os ingresos correntes orzamentarios**, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financieiro subscrito pola presidencia, están previstos nos estatutos do Consorcio, publicado no DOGA o día 08 de maio de 2015. A aportación de UNESPA aumenta con respecto ao 2022 aproximadamente en uns 30.000 euros, dado que o derradeiro convenio asinado así o permite.

5º.- **As bases de execución do orzamento** regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: "El Presupuesto General atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:

los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones

Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio.

Asimismo, incluirá las Bases de Ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad (...)".

O que non estea regulado nestas Bases , aplicarse o establecido nas Bases de execución do Orzamento xeral da Entidade matriz, a Deputación Provincial de Ourense

6º.- **O anexo das investimentos** detalla os investimentos previstos para o exercicio 2023 pola xerencia do Consorcio.

7º.- A tramitación do expediente para a aprobación do Orzamento acomodarse ao seguinte procedemento, conforme o exposto no artigo 169 do TRLRHL

- ✓ Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio e do Pleno da Deputación.
- ✓ Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen



reclamacións, o expediente debe volver o Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.

- ✓ Aprobado definitivamente, exporase ao público por capítulos nos mesmos medios.
- ✓ Inserción do orzamento do Consorcio unha vez aprobado definitivamente, no Orzamento xeral da Deputación. .
- ✓ Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- ✓ Remisión de copia á Administración do Estado e da CCAA
- ✓ Expediente deberá estar a disposición do público ao longo de todo o exercicio xunto coas modificacións que se produzan.

8º.- **Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria**, regra de gasto e débeda pública segundo o exposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A.- **Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

B.- O acordo do Consello de Ministros do 26 de xullo de 2022, acordou **prorrogar para o próximo exercicio 2023 o mantemento da suspensión das regras fiscais**, para ter así unha maior flexibilidade para afrontar a crise derivada da invasión de Ucraína.

C.- Cumpre co límite de débeda, posto que **non ten endebedamento.**

En consecuencia ao exposto e de conformidade co establecido no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais procede informar:

O Orzamento cumpre coas prescricións legais e contén as previsións necesarias para atender as obrigas do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante a súa execución.

Tal é a opinión da que subscribe, que somete o Pleno do Consorcio.

En Ourense, na data da sinatura electrónica,

CRIPTOLIB_CF_Firma

